



6 de outubro de 2008

Curso 2008/09 nº 4

boletin@edu.xunta.es



## BOLETÍN INFORMATIVO

### *Datos y cifras. Curso escolar 2008/2009*

Froito da colaboración cos servizos estatísticos das consellerías de Educación das comunidades autónomas, a Oficina de Estatística do Ministerio de Educación, Política

Social e Deporte acaba de publicar *Datos y cifras. Curso escolar 2008/2009*, onde se ofrecen os datos estimados ao comezo do ano académico sobre as principais variables

do sistema educativo español: alumnado, profesorado, centros e ratios, gastos e bolsas. Ademais, inclúe unha perspectiva da Unión Europea.

[Acceso á publicación](#)

#### Webs de asociacións

- [Altas capacidades](#)
- [Atención temperá](#)
- [Discapacidade física](#)
- [Discapacidade intelectual](#)
- [Down Galicia](#)
- [Implante coclear](#)
- [María José Jove](#)
- [ONCE](#)
- [Paideia](#)
- [Persoas xordas](#)
- [Saúde mental](#)
- [Trastornos da personalidade](#)

### *Campaña de vacunación fronte ao virus do papiloma humano*

A Consellería de Sanidade acaba de incluír a vacina fronte ao virus do papiloma humano no calendario de vacunación de Galicia. A dita vacina está destinada ás nenas que teñan 14 anos cumpridos a partir do pasado mes de xullo,

xa que demostrou ser segura e eficaz para protexer fronte a unha alta porcentaxe de cancro de cérvix. No Portal Valora pode atoparse información persoalizada, dirixida ás nenas desa idade.

[Máis información](#)



### *Premios de innovación educativa en valores democráticos*

O prazo dos premios de innovación educativa en valores democráticos remata o 15 de outubro. Convócanse 26 premios, nas modalidades webquest, miniquest e

buscas do tesouro e mais libro web colaborativo.

[Acceso](#)



### *Axuda para ANPAS de centros de educación especial*

Publicada no [DOG nº 188](#) do luns 29 de setembro a Orde do 22 de setembro de 2008 pola que se conceden axudas para financiar actividades das

confederacións e federacións de pais de alumnos e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial para o ano 2008.

### *Axudas a centros concertados con alumnado de NEE*

No [DOG nº 189](#) foi publicada a Orde do 19 de setembro de 2008 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a

atención ao alumnado con necesidades educativas especiais durante o curso escolar 2008-2009.



### *Premios de excelencia académica*

Resolta a convocatoria de Premios de excelencia académica para o alumnado que inicie estudos universitarios

no sistema universitario de Galicia no curso académico 2008-2009. A orde de resolución

foi publicada o 30 de setembro no [DOG nº 189](#).

### *Comprensión lectora e fomento das bibliotecas escolares*

No [BOE nº 221](#) Convócanse axudas para a elaboración de materiais didácticos, estudos ou informes que teñan por obxectivo o desenvolvemento da comprensión lectora e que contribúan ao impulso das

funcións e mellora das bibliotecas escolares como centro de recursos para a aprendizaxe. Poderá acceder a estas axudas, nas modalidades de elaboración de materiais ou de estudos sobre lectura e biblio-

otecas escolares, o profesorado das diferentes etapas educativas, individualmente ou como grupo de traballo. O prazo de presentación de solicitudes remata o día 20 de outubro de 2008.



### *Concurso de Novos Talentos-Premio de Relato Curto en Lingua Galega*

A Consellería de Educación e a Secretaría Xeral de Política Lingüística colaboran con Coca-Cola na organización dun concurso escolar de relatos en galego dirixido a alumnado de 2º curso da ESO. O convenio asinado entre as tres

entidades establece que Educación prestará apoio pedagógico e didáctico na organización das actividades do certame, mentres que Política Lingüística proporcionará asesoramento técnico en materia lingüística e terminolóxica. O

principal obxectivo desta iniciativa reside en potenciar e fomentar entre a mocidade o uso creativo da lingua galega a través de manifestacións e expresións literarias.

[Máis información](#)




### *Programa didáctico Coñecer as Cidades Patrimonio*

O Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España convoca, como cada ano, o programa Coñecer as Cidades Patrimonio. Está dirixido a

grupos de escolares de 1º e 2º ciclo da ESO (máximo 15 alumnos/as) e aos seus profesores e profesoras. O premio é unha viaxe a Córdoba e mais

unha estada en Ávila para participar no encontro final de grupos gañadores

[Información](#)



### *Recomendacións para protección da imaxe e datos de menores*

A Axencia Española de Protección de Datos publicou recentemente un folleto con recomendacións dirixidas a pais e nais, pero útiles tamén para os docentes, acerca da

protección dos datos e da imaxe dos menores. Ten tamén unha sección directamente dirixida ao alumnado.

[Acceso á publicación](#)



### *V Concurso de Redacción e Investigación Histórica*

O CEIP López Ferreiro convoca o IV Concurso de Redacción e Investigación Histórica *Falemos da Nosa Historia*, dirixido ao terceiro ciclo de

educación primaria e ao primeiro ciclo de ESO. Os traballos presentaranse en lingua galega e deberán ser orixinais.

O tema proposto para este ano é "A Santa Compañía".

[Máis información](#)

*Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)*

## Webs temáticas

**Contidos Educativos**  
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



**Plan Galego de Convivencia**  
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



**Plan Valora**  
<http://www.edu.xunta.es/valora>



**Mupegas**  
<http://www.edu.xunta.es/mupegas>



**Linguas estranxeiras**  
<http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras>



**Rede TIC de Centros**  
[http://www.edu.xunta.es/contidos/rede\\_tic](http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_tic)



**Bibliotecas escolares**  
<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



## Publicacións

[LOE](#)

[Lexislación de Educación Primaria](#)

[Lexislación de Educación Secundaria](#)

[O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)

[Plan de Convivencia](#)

[Saudíña](#)

[Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)

[Alumnado con discapacidade motora](#)

[Alumnado con problemas de conduta](#)

[Alumnado con discapacidade intelectual](#)

[Alumnado con sobredotación intelectual](#)

[Proxectos de innovación educativa 2008-09](#)

[Premios de innovación educativa 2008](#)

[Plans e actuacións en innovación educativa](#)

[Medrando sáns. Hábitos saudables na Educación Infantil.](#)

[¿E por qué?. Prevención accidentes infantís](#)